



## Programación do CIOV (2024) Módulo de *Ferramentas teatrais para a narración oral* impartido por Déborah Vukušić do 3 de outubro ata o 12 de novembro de 2024



### Por que a técnica teatral axuda á narración oral?

O teatro fomenta a expresividade, a profundidade e a conexión co público.

#### *1. Expresión corporal e xestual:*

O coñecemento e consciencia do corpo para comunicar emocións, acción e personaxes pode enriquecer a narración oral e facela máis dinámica. Así mesmo o control da respiración e do corpo axuda a manter a calma nunha situación de estrés.

#### *2. O uso da voz:*

O adestramento vocal teatral pode axudarlles ás persoas narradoras orais a proxectar as súas voces, moduladas segundo sexa necesario e darlles vida a diferentes personaxes e situacións da historia.

#### *3. Emprego do espazo escénico:*

As técnicas teatrais poden ensinarlles ás persoas narradoras orais a usar o espazo de maneira efectiva, creando unha atmósfera envolvente e visualmente atractiva para o público.

#### *4. Construción de personaxes:*

O traballo teatral na creación e construción de personaxes pode enriquecer o xeito no que se presentan os diferentes papeis nunha narración oral, facendo que sexan máis cribles e memorables.

#### **Duración do módulo:**

3, 10, 15, 17, 24, 29, 31 de outubro; 7, 12 de novembro de 2024. Total: 27 horas

No Verbum (Avda. de Samil, 17). De 17:00 a 20:00

+ 1 día de mostra, o 15 de novembro de 2024

No Café de Catro a Catro (rúa Girona, 16)

Para inscribirse deben enviar un correo co seu nome e número de teléfono a [actividades.snl@vigo.org](mailto:actividades.snl@vigo.org)